

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 9 DE MARZO DE 2016.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 9 de marzo de 2016, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ, con retraso, (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG-PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP)

PATRICIA AGRAFOJO LOIS. (PP)

XESÚS PENA ESPIÑA. (BNG)

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do concello.

Asiste a interventora do concello MARGARITA FERNÁNDEZ SOBRINO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 17.02.2016.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2016 E CADRO DE PERSOAL.

---

### **1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 17.02.2016.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión do 17.02.2016.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

Incorpórase neste intre ao Pleno con retraso a Srª Concelleira Rey Vázquez.

**2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2016 E CADRO DE PERSOAL.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 04.03.2016, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, actuando como Comisión Especial de Contas, que transcrita di:

Confeccionado o orzamento xeral do concello correspondente ao exercicio económico 2016 así como as súas bases de execución e cadro persoal, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e visto o informe de intervención, propoño ao Pleno do concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Brión correspondente ao exercicio económico 2016, xunto coas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

Capítulo	Denominación	Orzamento inicial gastos 2016
		EUROS
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
<b>A.1</b>	<b>OPERACIÓNS CORRIENTES</b>	<b>4.693.507,19</b>
	1 Gastos de persoal	2.014.419,57
	2 Gastos correntes en bens e serv.	2.183.493,72
	3 Gastos financeiros	66.292,91
	4 Transferencias correntes	429.300,99
<b>A.2</b>	<b>OPERACIONES DE CAPITAL</b>	<b>780.110,59</b>
	6 Inversións reais	641.250,67
	7 Transferencias de capital	50.000,00
B)	OPERACIONES FINANCEIRAS	
	8 Activos financeiros	20.000,00
	9 Pasivos financeiros	68.859,92
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>5.473.617,78</b>
Capítulo	Denominación	Orzamento inicial ingresos 2016
		EUROS
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
<b>A.1</b>	<b>OPERACIÓNS CORRIENTES</b>	<b>5.121.390,32</b>
	1 Impostos directos	1.686.862,98
	2 Impostos indirectos.	20.000,00
	3 Taxas, prezos públicos, e outros ing.	1.161.492,64
	4 Transferencias correntes	2.247.682,69
	5 Ingresos patrimoniais	5.352,01
<b>A.2</b>	<b>OPERACIONES DE CAPITAL</b>	<b>457.694,25</b>
	6 Alleamento de Inversións reais	0
	7 Transferencias de capital	437.694,25
B)	OPERACIONES FINANCEIRAS	
	8 Activos financeiros	20.000,00
	9 Pasivos financeiros	0
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>5.579.084,57</b>

2º) Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo, reservados o persoal funcionario, persoal laboral e eventual.

3º) Aprobar en cumprimento do disposto no artigo 103 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, introducido por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, a masa salarial do persoal laboral do

Concello de Brión, que para o ano 2016 ascende a un total de 1.031.576,81 euros, ordenando a súa publicación no BOP.

**4º)** Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2016, as bases de execución e o cadro de persoal aprobados, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**5º)** Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva.

**6º)** Tomar coñecemento do informe de intervención de avaliación da estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do nivel de débeda.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que o orzamento se presenta fora de prazo e debería entregarse con máis tempo aos grupos da oposición, tivemos moi poucos días e co traballo é difícil analízalo ao ser moi denso e moi importante; está axustado ás normas moi ríxidas que invaden a autonomía local como teñen dito os tribunais recentemente e estas normas forman parte do proxecto a longo prazo establecido para acabar co estado do benestar, prexudicando aos máis desfavorecidos e esperamos que isto remate canto antes cun novo goberno.

O orzamento debería ter máis expectativas, así:

1º) Debería establecer un control do gasto, seleccionando os absolutamente necesarios.

2º) Debería dar prioridade absoluta ao gasto social.

3º) Comprobar a rendibilidade e necesidade social á hora de facer os investimentos.

4º) Aumentar prestacións e servizos sen incrementar á presión fiscal.

Dito isto o orzamento ten deficiencias, algunha de carácter estrutural, así por exemplo, é unha proposta pechada polo equipo de goberno e polo tanto certos proxectos de futuro ao non existir diálogo previo entre os grupos políticos non se poden facer.

Xa entrando en concreto no orzamento hai que dicir que os gastos en persoal teñen demasiada importancia no conxunto do orzamento, se incrementa o pago de intereses de 22.400 a 60.000 euros que ven motivado polo fracaso de Villa Amalia ligado ás políticas do ladrillo practicadas noutro tempo.

En política social baixa o gasto que pasa do 8,47 % ao 6,74%. No capítulo VI de investimentos reais hai operacións que máis ben parecen gasto corrente que gasto de investimento, porque non se cumpren os criterios para ser investimento que son: ser inventariables, non ser funxibles e non ser reiterativos; en enerxía eléctrica aumenta o gasto o que quere dicir que o servizo é pouco eficaz e eficiente; en gastos diversos se incrementa a consignación a hai unha partida de 66.994 euros que non se di moi ben de que é; en publicidade e propaganda tamén se incrementa a gasto, supoñemos que vai aí a Revista Altamira e que poderemos ter páxinas os grupos da oposición; as axudas para becas e estudos é moi cativa, debería polo menos duplicarse, e en atencións benéficas e asistenciais hai 3.000 euros e pensamos que debería duplicarse; en axudas ao exterior hai consignados 4.300 euros, e pensamos que debería chegarse ao 0,7% que é o que demandan as ONGs, está moi, moi lonxe, desta contía.

En materia de ingresos se debería incrementar a recadación do imposto sobre bens inmobles pola actualización de inmobles que non están dados de alta no catastro, seguramente debería actualizarse ese catastro; se debería actuar sobre o imposto sobre vehículos de tracción mecánica, é unha contía escasa, é posible que residan moitos veciños no concello e non teñan aquí os vehículos, habería que facer algunha iniciativa para que se dean de alta; respecto do principio de nivelación orzamentaria, este ano preséntase con superávit, nos informes e na memoria se explican os motivos, pero deberan explicarse as causas e os fins.

Remata sinalando que todo isto podería terse consensuado co equipo de goberno e por todo iso o noso voto vai ser negativo claramente.

O Sr. Concelleiro García Arcos sinala que o orzamento é correcto, cumpre coa estabilidade e coa regra do gasto, e na comisión informativa explicáronse algunhas dúbidas como a referente á adquisición da antiga cámara agraria local. Engade que nos gustaría que nos traballos realizados por empresas que se vixiara que os traballos son correctos, que se pague polo que realmente se fai, que os contratos se cumpran correctamente porque os concursos se convocan pero despois debe vixiarse a correcta execución dos mesmos, e que en actividades deportivas podía buscarse o patrocinio para que non tivera que pagar tanto o concello, e remata sinalando que votaremos a favor.

O Sr. Alcalde sinala que o orzamento cumpre coa normativa vixente, sei que se podería enviar con máis antelación, con hoxe son seis días os que teñen coa documentación, cremos que é suficiente; vai fóra do prazo, é a primeira vez, e se debe a que estivemos esperando pola sentenza de Villa Amalia, da que xa está pagada unha parte; por suposto que é un orzamento que trae o equipo de goberno, non houbo ningunha proposta previa; quería dar as grazas ao traballo feito pola Intervención, tecnicamente perfecto; é un orzamento do que nos sentimos orgullosos e se nota unha melloría desde a crise do 2008 por primeira vez.

Tamén quero facer as seguintes aclaracións: existe un superávit de máis de 105.500 euros para dar cumprimento á normativa sobre estabilidade presupostaria para dar cumprimento no 2016 ao pagamento de Villa Amalia e no capítulo 3 de gastos hai un incremento polo pago dos intereses de Villa Amalia; respecto do capítulo 1 de gastos, gastos de persoal, hai un incremento do 1% fixado na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2016, e se consignan fondos para pagar unha parte da paga extra do ano 2012, 48 días, e se dota crédito para persoal da escola infantil e tamén vai unha partida para a contratación temporal dunha cuadrilla estival, e finalmente dicir que se amortiza a praza de encargado da brigada de obras que se xubilou en 2015.

Dicir tamén que é un orzamento moi social, leva unha serie de obras de acción social, así por exemplo, a mellora e reparación do envolvente exterior do pavillón de deportes de Lamiño; a mellora e reparación do envolvente do centro social polivalente, que son para sentirse moi orgullosos; van obras importantes como 72.000 euros para ampliación da rede de saneamento a casas illadas en Coruxido e Bastavaliños, e no POS van distintas vías e beirarrúas; van tamén obras que financia so o concello, así a pasarela de Gronzo e Casal, pavimento continuo no parque de Guitiande, melloras na escola infantil, reparacións en escolas unitarias, adquisición do local da antiga cámara agraria, que se fará en catro anos, colocación de caldeiras de biomasa na biblioteca e nasa da cultura por un obradoiro de emprego con Ames que se está a tramitar.

Os gastos financeiros redúcense de xeito importante pasa de 360.000 euros en 2015 a 66.000 euros en 2016; estamos igualmente a devolver a participación nos ingresos do Estado como marca lei desde a crise; en gasto social se pasa de 421.000 a 503.000 euros; en cultura se pasa de 424.000 a 504.000, en deportes tamén hai un incremento; para parques e xardíns se pasa de 74.000 a 113.000 euros. Respecto diso que dixo vostede de partidas que non están

moi claras, dicirlle que a aplicación 135.22699 é para dispersante que utilizan nas saídas de protección civil; os gastos diversos en urbanismo e arquitectura son para os carteis dos vaos e os carteis das licenzas de obras; os gastos en estradas, camiños e vías públicas son para facer fronte á recollida de aparellos electrónicos que debe recoller o concello porque a mancomunidade non o fai, e o está a facer por unha empresa; outros gastos varios son para limpeza viarias, gastos nenos saharauís, gastos do centro social en viaxes dun día, obradoiros etc..., e do centro de saúde onde temos que pagar ata a limpeza da roupa do persoal do centro, así pois está explicado e non hai ningún oscurantismo como di vostede, é a súa política desde hai tempo e o aceptamos.

Engade o Sr. Alcalde que a situación económica do concello é boa, así a 31.12.2015 tiñamos 1.700.000 euros nos bancos, e por todo iso agradézolles as súas palabras, cada quen fai o que quere co seu voto, agradézolle o voto a favor ao PP, e acepto o voto negativo do BNG, sen chegar a comprendelo.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9) e PP (2).

Votos en contra: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e trinta e seis minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace.

José Luis García García

Javier Nieves González